

PROPOSTA DE FINALIZACIÓN DO PROCEDIMENTO DE NOMEAMENTO EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE APOIO E TRANSPARENCIA, Nº 10 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO POR MOTIVOS DE URXENTE E INAPLAZABLE NECESIDADE.

Primeiro.- A Valedora do Pobo con data do 7 de novembro de 2023, resolveu iniciar o expediente para a adscrición, mediante comisión de servizos, por motivos de urxente e inaprazable necesidade e ata a incorporación da persoa adscrita ao mesmo, do posto de xefe/a de sección de Apoio e Transparencia (posto nº 10 da RPT) e publicar na páxina web a oferta para a adscrición en comisión de servizos do posto de traballo.

A oferta para a adscrición en comisión de servizos publicouse na páxina web da Institución con data do 7 de novembro de 2023 e o prazo para a presentación de solicitudes rematou, segundo se indicou no anuncio, o martes 14 de novembro de 2023, ás 19.00 horas.

Segundo.- Finalizado o referido prazo, presentáronse as seguintes solicitudes:

Número Rexistro	DATA	NOME E APELIDOS	DNI
23300/22	9/11/2023	Agustina de la Cruz da Rocha	55.371.729-X

Terceiro: Con data do 27 de novembro de 2023, a persoa funcionaria adscrita ao posto reincorporouse ao mesmo, polo que non procede ditar resolución sobre o nomeamento en comisión de servizos para o dito posto.

De acordo co anterior, e de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, propónse que pola Valedora do Pobo se dite resolución pola que se declare a terminación do procedemento de provisión do dito posto en comisión de servizos, por causas sobrevidas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Santiago González Serrano
Xefe do Servizo de Administración e Persoal

EXCMA SRA. VALEDORA DO POBO